



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACOLÓXICA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente convenio, para o financiamento dun programa de atención sanitaria, farmacéutica e socio asistencial, nas condicións establecidas no Sistema Sanitario Público de Venezuela, aos galegos residentes en Venezuela, que se atopen en situación de exclusión socio asistencial, de falta de cobertura real de asistencia sanitaria ou de prestación farmacolóxica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, é unha entidade sen ánimo de lucro radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia socio asistencial, que desenvolve programas de atención sanitaria e asistencial, presta axudas en socorro da adquisición de medicamentos e próteses, realiza





estudos de investigación dirixidos ao coñecemento da problemática dos emigrantes e as súas familias, e promove a súa integración socio laboral mediante a celebración de talleres ocupacionais e cursos de orientación profesional, sendo a única institución, no seu ámbito xeográfico, adicada a estas actividades.

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, que na súa maioría son galegos ou descendentes destes, que en consideración das especiais circunstancias deste colectivo e do país de residencia, precisan da atención da Xunta de Galicia para asegurar que os galegos residentes fóra de Galicia e os seus descendentes, poidan vivir nunhas condicións dignas, en especial a xente maior, sendo esta unha das liñas estratéxicas na actuación da Secretaría Xeral da Emigración.

De acordo co anterior, e segundo o disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase que FACEV é a institución idónea para a celebración deste convenio de colaboración, por contar coa estrutura, organización, medios persoais e materiais necesarios para a prestación desta asistencia ao colectivo de galegos con escasos recursos económicos, estamos pois ante unha actuación que ten un carácter singular e non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que considérase que non é posible promover a concorrencia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 1 de xuño de 2016.

